

A XUNTA ELECTORAL INSTA AO PP DE VILALBA A RETIRAR OS CARTEIS INDEBIDAMENTE COLOCADOS

Así se desprende da resolución emitida por este órgano á denuncia formulada pola agrupación do PSOE local, logo de comprobar que o Partido Popular superou en 30 os puntos fixados para a colocación da propaganda electoral

A candidata socialista -Elba Veleiro- pide “respecto á hora de amosar aos as distintas opcións políticas” e esixe “un xogo limpo” nesta campaña

Vilalba, 13 de maio de 2015.- A Xunta Electoral insta ao Partido Popular de Vilalba a retirar os carteis indebidamente colocados. Así se desprende da resolución emitida por este órgano á denuncia formulada pola agrupación do PSOE local, logo de comprobar que o PP sobrepasou o límite establecido para colocar a súa publicidade de cara aos vindeiros comicios.

Nesta campaña acordouse que os populares contasen cun total de 58 farolas para colocar os carteis, pero o resultado, a día de hoxe, alónxase do estipulado en máis de 30 puntos de luz, podéndose contar 96 delas en todo o municipio con publicidade electoral desta formación política.

“Respecto” e “xogo limpo”

O reparto dos espazos para a colocación deste tipo de propaganda adxudícase en función da representatividade coa que cada un dos partidos políticos conta no concello, acordando ante a Xunta Electoral a repartición. O PP vilalbés xa ten distribuída a maior parte da súa publicidade, tanto que non só excede o límite marcado, senón que ocupou moitas das farolas que corresponden aos outros dous partidos con representación na Corporación municipal.

Por este motivo, a candidata dos socialistas –Elba Veleiro- pide “respecto á hora de amosar aos veciños e veciñas as distintas opcións políticas” e esixe “un xogo limpo” nesta campaña. “A cultura democrática tamén se deixa ver neste tipo de acción, nas que o intento de solapar aos adversarios non fai máis que retratar a aqueles que amosan o *cesarismo* como carta de presentación”, afirma.

